

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Estimado/a compañeiro/a:

Dende a Consellería de Sanidade estamos a traballar na definición dun NOVO MODELO DE ATENCIÓN PRIMARIA, que queremos desenvolver coa participación de todos os e as profesionais que conformades os equipos de atención primaria.

A necesidade da **evolución no modelo asistencial** na nosa comunidade autónoma ven condicionada, fundamentalmente, polo envellecemento poboacional, a prevalencia de enfermidades crónicas e a escaseza de profesionais en certas categorías, como os/as médicos/as de familia.

Nos últimos anos producíronse cambios nos perfís profesionais, e temos implementado novas ferramentas de traballo que fan posible a asunción de novas competencias e a mellora da atención aos e ás pacientes.

Por iso estamos no momento de avanzar, entre todos e todas, cara un novo modelo de atención primaria, que se adapte á realidade sociodemográfica do século XXI. Estamos a propoñer un traballo colectivo, mediante decisións compartidas, a partir do diálogo entre profesionais de todas as categorías que traballan na atención primaria.

Con este fin constituíronse **6 grupos de traballo**, que se reunirán no mes de xaneiro de 2019 na Consellería de Sanidade, para trazar as liñas mestras do novo modelo. Nunha primeira fase participarán os profesionais das categorías de médico/a de familia, enfermeiro/a, farmacéutico/a, fisioterapeuta, traballador/a social sanitario e persoal de servizos xerais así como representantes dos colexios profesionais e sociedades científicas. Nunha segunda fase engadiranse as restantes categorías de atención primaria.

Nestas reunións abordaranse as seguintes áreas temáticas:

- 1.- Creación de equipos de atención primaria nos que se definan os novos roles.
- 2.- Coordinación e comunicación intermiveis: relación atención primaria-atención hospitalaria e O61.
- 3.- Atención á demanda: axendas, triaxe en atención primaria, sobredemanda, atención domiciliaria, atención programada e atención urxente.
- 4.- Formación, docencia e investigación, tanto pregrao, como para residentes e titores.
- 5.- Relación cos pacientes e a comunidade.
- 6.- Plan de necesidades, con priorización.

Para acadar o obxectivo establecido é moi importante a túa colaboración, polo que invitámote a participar na definición do novo modelo, co envío das túas propostas de mellora en canto ás medidas a desenvolver a curto, medio e longo prazo nas áreas temáticas establecidas. Podes remitir as túas achegas **entre os días 7 e 31 de xaneiro de 2019** a través de calquera dos seguintes buzóns de correo electrónico (un para cada categoría profesional):

[Novo.Modelo.AP\\_Medicina@sergas.es](mailto:Novo.Modelo.AP_Medicina@sergas.es)

[Novo.Modelo.AP\\_Enfermeria@sergas.es](mailto:Novo.Modelo.AP_Enfermeria@sergas.es)

[Novo.Modelo.AP\\_Farmacia@sergas.es](mailto:Novo.Modelo.AP_Farmacia@sergas.es)

Novo.Modelo.AP\_Fisioterapia@sergas.es

Novo.Modelo.AP\_Traballo.Social@sergas.es


Novo.Modelo.AP\_PSX@sergas.es

As túas propostas de mellora teranse en consideración no correspondente grupo de traballo.

As conclusións e as liñas mestras sobre o novo modelo así como as primeiras accións a desenvolver, estarán definidas na primeira quincena do mes de febreiro de 2019.

Polo tanto, agradezo a túa colaboración nesta oportunidade que temos diante para redefinir o modelo asistencial dos próximos 25 anos, e aproveito a ocasión para desexarche un Feliz Aninovo.

Un afectuoso saúdo

A handwritten signature in blue ink, consisting of a stylized 'L' shape with a horizontal line extending to the right and a vertical line extending upwards, followed by a small loop and a horizontal stroke.

redacción médica